

DEPARTAMENTO: 5º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)
DATA: 6/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 12	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	-------------------	-------------------------------

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 12	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	-------------------	-------------------------------

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 4 DE 12		CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	-------------------	--	-------------------------------

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

INFANTIL (ÁREAS DE APRENDIZAXE)	INFANTIL (ITEMS DE AVALIACIÓN)
COÑECEMENTO DE SI E AUTONOMÍA PERSOAL	<ul style="list-style-type: none">-Logra un esbozo da figura humana: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.-Coordina movementos, mantén o equilibrio, coordina a acción coa dos compañeiros e compañeiras cando o xogo o require, reproduce movementos e recolle pelotas coas dúas mans.-Reláxase con facilidade.-Persevera na realización de actividades buscando estratexias para a resolución de problemas.-Progresa no control de sentimentos, reconece os dos demais e amosa afecto.-Coñece e respecta as normas da escola.-Esforzase na realización de tarefas e amósase ordenado ou ordenada.
COÑECEMENTO DO CONTORNO	<ul style="list-style-type: none">-Experimenta cos obxectos: realizando series, ordena coleccións, engade novos elementos, agrupa, compara, emprega os cuantificadores...-Coñece a serie numérica: escribe os números, conta de forma ordenada, asocia os números coa cantidade que representan...-Resolve situación problemáticas: localiza datos numéricos, realiza cálculos mentais sinxelos.-Reconece aspectos xeométricos das figuras: cadrado, rectángulo, triángulo, círculo, rombo...-Mantén unha actitude observadora e participativa en actividades, celebracións e con compañeiros e compañeiras.

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> -Emprega axeitadamente cumprimentos socialmente establecidos: saúdo, escoita, quendas de palabra... -Interésase por usar palabras novas, polos textos escritos e polo uso da escrita. -Amosa imaxinación e iniciativa en producións plásticas, xogo simbólico, dramatización... -Ten interese polas actividades musicais explorando as posibilidades sonoras de obxectos e instrumentos. -Amosa interese polas actividades nas que se empregan as TIC.
INGLÉS	<ul style="list-style-type: none"> -Amosa interese por coñecer a lingua estranxeira: saúdos, cantigas, rimas. -Utiliza expresións convencionais nesa lingua: saúdo, despedida, agradecemento..
RELIXIÓN CATÓLICA	<ul style="list-style-type: none"> -Expresa mediante cancións a alegría de ter a Xesús como amigo e a María como súa nai. -Valora a natureza como un agasallo de Deus a todas as persoas.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

- Dado que a “*principal técnica do proceso avaliador que é a observación directa e sistemática*” nesta situación é imposible de levar a cabo, consideramos digno de valorar o esforzo das familias (considerando cada situación en particular) por seguir as propostas lanzadas desde o venres 13 de marzo no Blog de Etapa “O recuncho de infantil”. Desde cada titoría estableceuse un **contacto asiduo con cada familia**, ben a través da plataforma Abalar, telefonicamente ou polos correos de aula. As familias están implicadas no seguimento das propostas, na aportación de traballíños suxeridos e inclusive son elas as que, en ocasións, nos solicitan material “coma na aula”.

Instrumentos:

- Os **resultados da enquisa realizada ás familias** mediante Abalar na que buscamos información acerca de varios puntos: acceso a internet e polo tanto ao blog, posibilidade de imprimir documentos, valoración das propostas plantexadas desde as titorías e facilidade de contacto coa titora... foron os que nos permitiron coñecer a situación de partida e a partir de aí presentar as propostas.
- A **aceptación das propostas destinadas** a fomentar a lecto-escritura, a lóxica-matemática, a vida diaria, a creatividade e a informática; participación en vídeos e acceso a páxinas relacionadas con contidos traballados na

	<p>aula (ABN, inglés, música, psicomotricidade...); talleres de motricidade fina, experimentos, relaxación, papiroflexia, cociña, teatro de sombras, baile; celebración de conmemoracións como o Día da Terra (con propostas de coidado do medio ambiente) ou o Día do Libro (proposta de video colaborativo e fichiña conmemorativa); participación en tradicións coma Os maios (con Lim interactivo e fichiña conmemorativa); ata invitación a coñecer a contorna con “A Natureza sempre viva-A horta” (con Powerpoint interactivo e diferentes propostas por niveis)...</p> <ul style="list-style-type: none"> - O <u>coñecemento da realidade particular de cada familia e o contacto que cada titora mantén cos seus alumnos</u> e as súas familias. Contacto que se establece ademais da anteriormente nomeada plataforma Abalar e telefónicamente, polo correo electrónico de aula habilitado especialmente para facilitar ás familias o proceso de feed-back coa titora na entrega de propostas.
<p>Cualificación final</p>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tanto no <u>boletín de avaliación deste 3º trimestre</u> como nos informes de avaliación individualizada que se redactarán a final de curso, se terá en conta a consecución dos obxectivos marcados para cada nivel en relación ao período de escolarización presencial e a cada situación particular do período de escolarización non presencial. - Temos en conta a necesidade de deixar patente nos <u>informes de avaliación individualizada</u>, as peculiaridades no desenvolvemento de cada alumno e alumna, que se deberán ter en conta de cara ao inicio do curso 2020-2021 (de máxima importancia no 6º nivel desta etapa polo que supón de paso a Educación Primaria).

	<ul style="list-style-type: none"> - Igualmente e tendo en conta o desenvolvemento individual de cada nena e neno durante a escolarización presencial e o contacto con cada familia por parte da titora durante o período de escolarización non presencial, consideramos que todo o alumnado presente no 6º nivel de educación infantil debe <u>promocionar á Etapa de Educación Primaria</u>, agás os casos de alumnado con NEE que estará a expensas das decisións adoptadas polo Equipo de Orientación logo da valoración de cada caso.
Proba extraordinaria de setembro	EN EDUCACIÓN INFANTIL NON PROCEDE
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- Propostas a través do blog de Infantil “O recuncho de infantil” e referidas a: lecto-escritura, a lóxica-matemática, a vida diaria, a creatividade e a informática; participación en vídeos e acceso a páxinas relacionadas con contidos traballados na aula (ABN, inglés, música, psicomotricidade...); talleres de motricidade fina, experimentos, relaxación, papiroflexia, cociña, teatro de sombras, baile; celebración de conmemoracións como o Día da Terra (con propostas de coidado do medio ambiente) ou o Día do Libro (proposta de video colaborativo e fichiña conmemorativa); participación en tradicións coma Os maios (con Lim interactivo e fichiña conmemorativa); ata invitación a coñecer a contorna con “A Natureza sempre viva-A horta” (con Powerpoint interactivo e diferentes propostas por niveis)...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">- Telemática con posibilidade de actividades activas, participativas ou escritas. Exposta xa no apartado de actividades e tendo en conta que todas as familias teñen conectividade.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">- Ordenador, propostas en rede e diferentes materiais cotiás que teñen na casa.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.
CURSO 2019/2020

PÁXINA 11 DE
12

CENTRO:
CURSO:
MATERIA:

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. - Plataforma Abalar, blog de Infantil, telefónicamente e mediante a web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.